

MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO ADOPTE MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE LUMES, FOMENTE UNHA XESTIÓN INTEGRAL DO MEDIO E A RECUPERACIÓN DO RURAL.



Manuel Pérez Vázquez, M^a. Elvira Fernández Fernández e Rubén González Vázquez, concelleiros do Bloque Nacionalista Galego en San Cristovo de Cea, presentan ao pleno da Corporación a seguinte moción para o seu estudo, debate e aprobación,

Exposición de motivos:

Galiza está vivindo unha das peores vagas de lumes forestais da súa historia recente. A desolación e a ferida aberta que esta catástrofe ambiental, social e económica está deixando en gran parte do noso territorio (nomeadamente en comarcas de Ourense) son palpábeis e esixen unha reacción inmediata e contundente. Cea tamén padeceu en datas recentes esta praga e segue con elevado risco.

Non abonda con atribuír os lumes a mentes perturbadas ou a accidentes fortuítos sen ter en conta que poden ser consecuencia directa dunha xestión *neglixente* por parte do goberno galego, tanto na prevención como na xestión da emerxencia. O modelo de loita contra o lume do Partido Popular demostrou, unha vez máis, o seu absoluto fracaso. A falta de planificación, de prevención e de recursos eficientes por parte da Xunta converteu a situación nunha auténtica catástrofe. A xestión foi errática, sen a coordinación necesaria, deixando a moitas brigadas e concellos traballando en circunstancias extremadamente adversas e, en moitos casos, en total desamparo. Malia o esforzo heroico de brigadas, veciñanza e persoas voluntarias -a quen queremos agradecer e recoñecer publicamente o seu labor-, a política forestal do PP non está á altura das necesidades dun país que posúe un 70% da súa superficie arborada.

Esta vaga de lumes deixa unha lección clara: non podemos seguir como estabamos. A rabia, a dor e a indignación ante unha catástrofe que podería terse evitado deben traducirse en acción política. A Xunta de Galiza non pode seguir respondendo con "silencio, resignación ou a rutina de promesas baleiras e propaganda". O uso político partidista que o PP quixo facer no medio dos peores incendios da nosa historia é inadmisíbel. Galiza merece un modelo de monte e de rural diferente, que xere riqueza, poña en valor a nosa contorna natural e que nos protexa de forma efectiva.

É por iso que o BNG defende un cambio estrutural e unha estratexia integral sobre o conxunto do territorio que teña como obxectivo evitar que un desastre deste tipo se volva a repetir. Fronte ás políticas fracasadas do pasado, Galiza precisa unha alternativa de futuro para o noso medio rural, un plan que procure a atención inmediata ás persoas afectadas, a recuperación ambiental real, un novo modelo de monte multifuncional, unha prevención estrutural e eficaz, e a revitalización socioeconómica do rural.

Datos da propia Xunta estiman en máis de 100.000 hectáreas queimadas en Galiza só no mes de agosto, mentres que outras fontes elevan tal estimación. Na mente dos veciños de Cea perdura o maior incendio que calcinou a zona norte do concello en 2017, toda a superficie comprendida desde as pistas de Ardesende-Vales-Casar de María-As Laxas ata a de Oseira-Pieles quedou totalmente calcinada.

Con data 08/11/2017 o grupo municipal do BNG presentara unha moción "Sobre a falla de prevención de lumes no concello", xa que non se contaba con brigada específica nin motobomba, nin se aproveitaban as axudas que ofrecía a Xunta de Galiza para tal fin.

Nela pedíase, entre outras cousas, que o concello se implicara para facilitar os desbroces nas franxas de protección dos núcleos rurais e iniciara unha política activa fronte aos incendios, implicando aos distritos forestais (neste caso o distrito XI: Ribeiro-Arenteiro), aproveitara as axudas existentes e fixera fincapé na prevención durante todo ano. Tamén,



que se informara aos veciños das axudas ás podían ter acceso segundo o previsto no Decreto 102/2017 e se *facilitara a tramitación ós particulares*.

Como todas as propostas do BNG, tamén foi rexeitada, desviando o tema con escusas como que era moi difícil conformar unha brigada, que non había quen manexara a motobomba, etc. O resultando foi evidente, a día de hoxe seguimos igual; non se fixo nada de nada, nin brigada, nin motobomba (para as que seguen existindo axudas), nin interese, de modo que cando chegaron os lumes, o concello seguía coas mesmas carencias e con maior risco (o caso máis recente, o lume no Val-Vilaseco, onde o camiño estaba atuído).

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG de San Cristovo de Cea propón que o pleno da corporación adopte os seguintes

ACORDOS:

1- Iniciar os trámites para a **creación dunha brigada municipal permanente**, dotada de **motobomba** e dos medios axeitados afrontar o lume, de modo que fóra da etapa estival se ocupe da prevención, vixilancia e o desbroce de camiños, pistas e espazos públicos, aproveitando de paso os medios municipais propios e as axudas dispoñibles na Xunta a tal fin; podendo atender as demandas dos particulares que precisen rozar as franxas de protección a prezo non superior ao establecido para SEAGA.

2- Instar á Xunta de Galiza:

- á inmediata posta en marcha dun **Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental** Xunta-Estado para facer fronte aos danos causados pola vaga de lumes no país. Este fondo deberá incluír axudas directas para a reconstrución de vivendas e demais bens afectados, coa mínima burocracia posíbel.

- a pór en marcha un **Plan de Emprego Verde de restauración ambiental** das áreas afectadas, que se centrará na restauración ecolóxica, a protección da biodiversidade e a recuperación dos solos, mantendo a moratoria para as plantacións e eucalyptus.

- a impulsar a **revitalización socioeconómica do rural mediante unha xestión axeitada do monte**, promovendo a mellora dos servizos, incrementando o financiamento dos concellos e alternativas produtivas sostibles e que fomenten a mobilización de terras para a produción sustentable de alimentos.

3- Promover dende o Concello as **agrupacións de terras e concentracións parcelarias**, co fin da **posta en valor do territorio e rematar co minifundio** que lastra o desenvolvemento agrícola e forestal do noso Concello. En paralelo, desenvolver un **plan de infraestruturas**, capaz de mellorar o acceso ás fincas e montes, a traveso de convenios coa Deputación Provincial e a Xunta, así como aproveitar os Fondos Europeos para tal fin.

4- Demandar a **asunción de responsabilidades políticas** por parte dos máximos responsables do goberno galego pola súa xestión negligente diante desta auténtica catástrofe que podería terse evitado ou reducido.

5. **Adherirse ás mobilizacións** convocadas para esixir responsabilidades e apoio na reconstrución e rehabilitación das propiedades e dos espazos danados.

Cea a 24 de setembro de 2025

Asdo: Manuel Pérez Vázquez M^a Elvira Fernández Fernández Rubén González Vázquez



SR. ALCALDE DE SAN CRISTOVO DE CEA